



Contenido exclusivo para suscriptores digitales



AROUSA

MORRAZO

PONTEVEDRA

DEZA-TABEIRÓS

OURENSE

Navegando co Clube Mariño Salnés

O Espazo Torrado acolle unha mostra fotográfica sobre a historia e o labor deste colectivo



Obra de carpintaría de ribeira para recuperar unha nave. | // CEDIDA CMS

Anxo Martínez Cambados | 19-09-22 | 04:00



“A muller de Balboas”, a “Julicheira”, “O Jipi”... Estes son os nomes dalgunhas das embarcacións que durante os últimos anos salvou da destrución e do esquecemento o Clube Mariño Salnés, un dos colectivos vinculados a cultura marítima tradicional galega mais veteranos do Saines. Fundada en 1998, esta sociedade desenvolveu nas últimas décadas un intenso traballo que vai máis alá da escola de vela ou das xornadas de navegación pola ría. Amosar ese outro traballo, menos coñecido, é precisamente o obxectivo de “Obra Viva”, unha exposición fotográfica que pode visitarse estes días no Espazo Torrado, de Cambados.

“Navegamos, restauramos e poñemos en valor as embarcacións tradicionais da nosa zona”, explica o Clube Mariño Salnés a modo de breve carta de presentación na súa páxina de Facebook. En efecto, o seu labor é moi diverso: fomentan a navegación coas escolas estivais e a organización de regatas; recuperan embarcacións que, doutro modo, rematarían desguazadas ou comestas polo mar; póñenas a salvo dos temporais durante o inverno; e fan un traballo etnográfico que evita a perda dunha parte central da identidade cambadesa.

TEMAS

Mar

Cultura

Cambados

embarcacións tradicionais



Repintado dunha embarcación. | // CEDIDA CMS

Iso é, precisamente, “Obra Viva”, un compendio en 40 imaxes fotográficas da traxectoria e das diferentes áreas de traballo do colectivo cultural. Inaugurada o 9 de setembro, a mostra pode visitarse ata o 2 de outubro no EsPazo Torrado. O horario de visita, de martes a venres, é de 11.30 a 13.30 horas, e de 17.00 a 20.00 horas; e os sábados, domingos e festivos, de cinco a oito da tarde.

Proxectos activos

O Clube Mariño Salnés está inmerso nunha serie de proxectos. Un deles é a recuperación da tipoloxía da “gamela de Cambados”. Hai uns anos, os socios da entidade iniciaron un traballo de recollida de información e de entrevistas a vellos lobos de mar da localidade. A pandemia freou de golpe este proxecto, e a asociación está tratando de retomalo agora que a situación sanitaria mellorou. Agárdase que este traballo cristalice finalmente na edición dun libro e na construción dunha réplica dunha gamela tradicional cambadesa, de sete metros de eslora e aparello de “vela mística” (latina con martelo).

A restauración de embarcacións é outro dos eixos do labor do clube, e na actualidade teñen en marcha tres proxectos: a da “Última”, una dorna de escarva; a da “Píllara”, unha dorna polbeira; e a do “Jipi”, un loro típico de Cambados.



Xornada de navegación a vela dun socio do clube. | // CEDIDA CMS

Finalmente, tamén son uns firmes defensores da creación dunha Mariña Tradicional, vella aspiración de numerosos portos galegos e na que están traballando a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e Portos de

Galicia. En Cambados, existe un proxecto, que conta co visto bo da Confraría e do Concello, e que contempla a creación de plazas de amarre nas Goritas ou en Tragove para as embarcacións que vaian navegar ou que vaian ser empregadas nas actividades formativas; e dun museo flotante, con paneis explicativos, que se situaría no peirao do centro da vila, con forma de "T". Esta exposición é, polo tanto, unha boa oportunidade para achegarse ao clube, que xa se prepara para a longa invernada, que irá do Pilar ás Letras Galegas.

COMENTARIOS

Para comentar [debes iniciar sesión](#) o [regístrate](#) si aún no tienes una cuenta

0 comentarios

[Normas de uso](#)

LO ÚLTIMO EN FDV+



GRAN VIGO

La Policía sitúa el foco del incendio en el cuadro de luces del portal y no descarta un origen fortuito

Marta Fontán /

Elena Villanueva / A. Otero



GRAN VIGO

Los edificios okupados, un auténtico polvorín (y ya se sabía)

Carlos Ponce



GRAN VIGO

El administrador del inmueble notificó al juzgado la "necesidad de desokuparlo"

Víctor P. Currás



GRAN VIGO

"Nos descolgamos por la tubería; si no saltamos, nos quemábamos"

M. F. / E. V.

FDV +

[farodevigo.es](#)

[Contacto](#)

[Conócenos](#)

[Publicidad](#)

[Política Medioambiental y de Seguridad y Salud en el Trabajo](#)

[Desempeño Ambiental](#)

[Subvención INEGA](#)

Otras webs de Prensa Ibérica Media

Prensa

[Diari de Girona](#)

[Diario Córdoba](#)

[Diario de Mallorca](#)
[Empordà](#)
[El Periódico de Catalunya](#)
[El Periódico de Extremadura](#)
[Faro de Vigo](#)
[La Nueva España](#)
[La Opinión de Murcia](#)
[La Opinión de Zamora](#)
[Levante-EMV](#)
[Regio7](#)
[Superdeporte](#)

[El Día](#)
[El Periódico de Aragón](#)
[El Periódico de España](#)
[El Periódico Mediterráneo](#)
[La Crónica de Badajoz](#)
[La Opinión A Coruña](#)
[La Opinión de Málaga](#)
[La Provincia](#)
[Mallorca Zeitung](#)
[Sport](#)
[El Correo Gallego](#)

Radio y televisión

[LevanteTV](#)

[InformacionTV](#)

Revistas

[Cuore](#)

[Woman](#)
[Viajar](#)

Canales temáticos

[Tendencias21](#)
[Fórmula1](#)
[Iberempleos](#)
[Lotería Navidad](#)
[Premios Goya](#)
[Tucasa](#)
[Código Nuevo](#)

[Medio Ambiente](#)
[Compramejor](#)
[Neomotor](#)
[Premios Oscar](#)
[Coches de Ocasión](#)
[Cambalache](#)

PRENSA IBÉRICA

PRENSA IBÉRICA 1898